



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

## **INFORME DE NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS: “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE PONTECESO”. NECESIDADE DA CONTRATACIÓN ALTA DEMANDA DO SERVIZO.**

Para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO non se dispón de medios municipais axeitados, na actualidade estanse a prestar por medio dunha empresa externa desde xullo de 2018, na actualidade a entidade adxudicataria e SENES CIT S.L. que finalizara a contratación o 30 de setembro de 2023.

Tramitouse o expediente de contratación 2023/C004/000001 para a adxudicación do servizo, ao cal non se presentou ningunha empresa, polo que a Xunta de Goberno Local na sesión de 15-03-2024 declarou deserto o procedemento, polo que cómpre iniciar de novo o expediente para a súa adxudicación.

A alcaldía ditou a resolución de data 15-04-2024 pola que se acorda iniciar un novo expediente de contratación para a adxudicación do servizo, Expte. 2024/C004/000003

O Concello de Ponteceso ostenta competencias en materia de servizos sociais no seu termo municipal, de conformidade coa seguinte normativa:

- A) O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local
- B) O artigo 8 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia.

## **NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS**

Aos efectos do disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, LCSP, xustifícase a insuficiencia de medios, en base ao seguinte: Estanse a atender a 13 persoas usuarias na modalidade de Libre Concorrenza, que supoñen 225 horas mensuais, ascendendo a 2.700 horas anuais, tendo en conta ás persoas solicitantes que están en lista de agarda estímase que a cantidade anual de horas é de 4.548 . Neste momento estanse atendendo polo SAF Dependencia a 45 persoas usuarias, estando 22 en lista de agarda. Estanse a prestar 2.349 horas neste último mes de xuño, resultando 28.188 horas anuais, e á vista das 22 solicitudes pendentes en lista de agarda estímase necesarias 7.380 horas anuais adicionais, que totalizarían 35.568 horas anuais. Segundo o informe emitido pola empresa adxudicataria o servizo prestouse por un total de 22 traballadoras, 1 coordinadora e 21 auxiliares de axuda no fogar.

Este concello carece de medios persoais para prestar este servizo con persoal propio. Outros a xestión do persoal por parte do departamento de servizos sociais deste concello sería a día de hoxe inviable, posto que dito departamento conta unicamente con dúas traballadoras sociais.



CONCELLO DE PONTECESO  
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

O traballo a desenvolver conleva a dedicación exclusiva dunha equipa de profesionais, que contén con ampla experiencia na realización desas tarefas e se atopan inscritos no Rexistro Unico de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o programa de axuda no fogar.

## CONCLUSIÓN

A vista do anterior esta informase que os medios humanos e materiais dos que dispón o departamento de servizos sociais do Concello de Ponteceso son insuficientes para a correcta prestación do Servizo de SAF de Dependencia e libre concorrencia e a súa necesidade encóntrase xustificada.

A traballadora social

Rosario Canosa Martínez

Firmado por ROSARIO CANOSA MARTINEZ - \*\*\*5716\*\* el día 16/04/2024 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016